



**PLAN
MUNICIPAL
DE EMPREGO
2008/2011**



UN PLAN PARA VIGO

O Plan Municipal de Emprego 2008-2011 é unha aposta da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo por facilitar o acceso a un emprego de calidade a todos os vigueses.

Gracias ao compromiso adquirido pola Xunta de Galicia, o Concello de Vigo vai destinar máis de un millón de euros ao desenvolvemento deste proxecto que é o máis ambicioso posto en marcha por un Concello galego e o segundo máis importante de Galicia.

A finalidade principal deste plan é promover o emprego na cidade de Vigo e no seu municipio. Para acadar este obxectivo o Plan sérvese de distintos programas que prestan especial atención ós colectivos con maiores dificultades para integrarse laboralmente.

O plan contempla a creación e mellora dos instrumentos de intervención empregados desde o Concello, crea accións de mellora da empregabilidade, mellora a calidade do emprego, promove unha maior seguridade no traballo, reduce a siniestralidade, aumenta o emprendemento e a economía social, e mellora as relacións laborais.

Con esta iniciativa o Concello de Vigo descentralizará o servizo de emprego municipal e o achegará a todos os barrios e parroquias.



Concello de Vigo

Participación Cidadá



¿A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ca posta en marcha deste Plan o Concello de Vigo busca cubrir as demandas de emprego por parte daqueles colectivos que atopan maiores impedimentos á hora de acceder ó mundo laboral. Entre os principais demandantes atópanse:

- **A mocidade:** O principal problema deste colectivo para atopar emprego reside na falta de formación de tipo profesional. O 20,1% dos mozos e mozas de Vigo teñen un nivel de formación inferior ó Graduado Escolar ou en ESO.
- **As mulleres:** O nivel de estudos das mulleres viguesas é similar ao dos homes. O 79,5% das mulleres de Vigo carecen de formación de tipo profesional e entre elas o 32,2% ou carece de estudos ou dispoñen de estudos inferiores ao Graduado Escolar. En Vigo hai 865 mulleres con máis de 45 anos e que non teñen ningún tipo de experiencia laboral.
- **Parados de longa duración:** Este colectivo será un dos eixos nos que se basee o Plan Municipal de Emprego, debido ás dificultades de inserción laboral que conleva. En Vigo hai 7.782 demandantes que levan máis de doce meses inscritos no paro, de eles 5.299 levan máis de 24 meses.



Concello de Vigo

Participación Cidadá



¿CALES SON OS OBXECTIVOS?

- Ofertar unha formación de calidade que facilite o acceso ao emprego a aquelas persoas con maiores dificultades.
- Procurar o desenvolvemento da cidade coa creación dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por traballadores altamente cualificados e implicados no proxecto empresarial. Isto se traduce en traballadores de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento de iniciativas emprendedoras coma forma de creación do emprego.
- Facilitar a incorporación ás TIC's do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego de Concello.
- Establecer procedementos de transición do ensino regrado ó mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Acadar a inserción laboral dos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo e evitar así riscos de inserción laboral.
- Potenciar a creación de emprego vinculada á mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Fomentar a participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- Potenciar a creación dun observatorio do mercado de traballo, vinculado ó pacto territorial de emprego, adicado a análise do mercado de traballo e a realización de perspectivas a curto e medio prazo sobre a incorporación de traballadores ás empresas existentes e sobre os nichos de mercado existentes para impulsar o emprendemento.



Concello de Vigo

Participación Cidadá



UN ACORDO POLO EMPREGO

O Plan Municipal de Emprego non é un plan illado, senón que debe convivir co conxunto de programas e liñas de actuación existentes nos ámbitos europeo, estatal e galego; adaptándoos ás necesidades de Vigo.

O Concello de Vigo asume como guía de actuación o “Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo emprego” adaptando as políticas de emprego municipais de xeito que harmonicen cos obxectivos dispostos neste marco.

O desenvolvemento deste Plan se fará en colaboración co conxunto de concellos da zona e cos todos os axentes socioeconómicos. Entre todos analizarase a situación da área de Vigo en materia de emprego e se establecerán medidas de actuación capaces de enfrontarse as posibles ameazas e aproveitarse das oportunidades.

As políticas do Novo Servizo Público de Emprego teñen coma eixo de actuación a atención personalizada para ós demandantes de emprego con itinerarios personalizados.

Ademais, se establecera un sistema fluído de relación entre o conxunto de oficinas de emprego existentes na cidade que permita achegar as necesidades de traballadores das empresas viguesas ás oficinas para ofrecerlle unha rápida resposta.



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMAS QUE FORMAN O PLAN

As actuacións previstas dentro Plan Municipal de Emprego 2008 – 2011 se engloban dentro dos seguintes programas:



Programa Empleo – Calidade



Programa Vigo – Emprende



Programa de inserción laboral UTIL



Programa Emprega – Verde



Programa de Emprego Feminino



Programa Emprega



Concello de Vigo
Participación Cidadá



PROGRAMA

EMPREGO CALIDADE



Este programa pretende dar a coñecer todas as subvencións e bonificacións ó emprego indefinido ao tecido empresarial de Vigo.

O Concello promoverá a realización de xornadas a través das cales se pretende aportar valor á calidade do emprego coma xeito de acadar un emprego máis productivo.

O Programa Empleo-Calidade promoverá os pactos sectoriais entre os diferentes sectores productivos da cidade. Para iso, o *Observatorio do mercado de traballo de Vigo* elaborará análises nos que se observe a evolución mensual da contratación indefinida por sectores de actividade, aportando medidas para aqueles con menores índices.

A difusión da “Responsabilidade Social Empresarial”, que vai ligada coa calidade do emprego, é un dos obxectivos deste programa. Por este motivo establecerase un Protocolo de Colaboración coa Consellería de Traballo cara a difusión da RSE, poñendo en valor aquelas pequenas e medianas empresas que adoptan este tipo de iniciativas.

Nos concursos públicos o Concello terá en conta especialmente os niveis de estabilidade dos planteis dos seus provedores, outorgando unha maior puntuación en función da súa taxa de estabilidade.

Obxectivo Informar, apoiar e asesorar a persoas desempregadas nos procesos de búsqueda de emprego a través de accións que contribúan a mellorar as súas posibilidades de inserción laboral, sobre todo nos colectivos con específicas dificultades para encontrar traballo

Destinatarios Mulleres, xoves sen cualificación, maiores de 45 anos, desempregados de longa duración.

Actuacións Difusión dos servizos para a mellora e procura de emprego
Creación dun centro de recursos de orientación e información para o emprego
Posta en marcha de programas de formación para o emprego, programas experienciales
Desenvolvemento de programas de emprego con participación cidadá
Elaboración de contidos on-line que faciliten a procura de emprego

Previsión anual 500 - 700 beneficiarios, 8 paneis informativos, 30 axudas económicas e 3 cursos formativos cada ano

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Fondo Social Europeo



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMA VIGO EMPRENDE



Este programa se desenvolve ca intención de estimular o autoemprego.

O Concello promoverá a creación de cooperativas e sociedades laborais para potenciar iniciativas emprendedoras de tipo colectivo mediante a creación de módulos de formación en economía social.

Os esforzos centraranse en divulgar as vantaxes de crear empresas cooperativas, especialmente naqueles casos nos que os promotores sexan persoas en risco de exclusión social.

Todas as actuacións levadas a cabo neste plan estarán coordinadas polo Servizo de Asesoramento e Promoción dos/as Emprendedores/as (SAE) que ten coma cometido apoiar ás persoas emprendedoras de maneira presencial ou virtual.

En resumo as medidas incluídas neste plan son:

- Difusión da imaxe emprendedora
- Difusión dos servizos do SAE
- Difusión do cooperativismo
- Premio “Emprende para gañar”
- Centro de recursos SAE
- Procura de financiamento
- Consolidación de novas empresas
- Cooperación empresarial
- Plan MOVE-TIC para Autónomos (formación para autónomos)

Obxectivo Fomentar a creación de empresas, impulsar o autoemprego como saída profesional, promover o espírito empresarial na poboación e apoiar a consolidación de pequenas empresas na área de Vigo

Destinatarios Emprendedores

Actuacións Difusión da iniciativa emprendedora a través de seminarios, cursos e premios
Creación dun centro de recursos para emprendedores que ofrezca asesoramento personalizado para optimizar tempo, analizar e implementar a creación de cada proxecto empresarial
Procura de fontes de financiamento
Elaboración de contidos on-line para emprendedores

Previsión anual 450- 600 beneficiarios, 3 seminarios / ano, 8 paneis informativos, 1 premio anual e 30 sesións formativas

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Fondo Social Europeo



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMA INSERCIÓN LABORAL - UTIL



Este programa centrase exclusivamente na mocidade e en especial en tres colectivos definidos:

- Aqueles cun nivel de formación inferior ó Graduado Escolar o ESO (o 20%, 786 mozos e mozas). O traballo con este colectivo farase en colaboración cos educadores dos centros escolares, de xeito que aqueles alumnos que non van proseguir os seus estudos, reciban información sobre a incorporación ó mundo laboral.
- Os que teñen un nivel de Secundaria ou Bacharelato (o 45%, 1.759 mozos/as). O Servizo de Orientación porá a disposición deste colectivo a guía de recursos de Vigo, onde se establecen as ocupacións ás que se pode acceder en función dos niveis formativos.
- Os que teñen unha formación de tipo profesional (Ciclos de F.P ou titulados universitarios, o 35%, 1.344 mozos/as). Dentro deste grupo, a aqueles titulados con maiores posibilidades de inserción, se lles orientará de cara as entrevistas de selección, a presentación do curriculum e as diferentes saídas profesionais. Para os colectivos con maiores dificultades para atopar emprego se traballará na potenciación de fórmulas de emprendemento asociadas coa súa titulación.

Obxectivo Facilitarlle aos desempregados, con importantes problemas de renda, os medios axeitados para mellorar a súa capacitación profesional e persoal mediante a realización de actuacións de mellora da cidade

Destinatarios Colectivos en desvantaxe social respecto a ingresos económicos e a adquisición de formación e experiencia no mercado de traballo

Actuacións Establecemento de contratos de traballo dun ano de duración que estarán acompañados de procesos formativos adaptados ás necesidades dos participantes e de accións de orientación laboral, acompañamento e inserción no mercado de traballo

Previsión anual Contratación de 200 desempregados cada ano

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo e outras entidades



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMA EMPREGA VERDE



Este programa pretende que o medio ambiente e a sustentabilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas. Por outra banda o Programa Emprega-Verde busca concienciar e sensibilizar ós traballadores e as empresas na importancia do coidado do medio ambiente.

Neste proxecto preténdese implicar non só ós colectivos máis desfavorecidos na procura de emprego, senón tamén incluír a formación dos empregados/as das comunidades de montes de Vigo.

Este programa contempla a realización de diagnósticos, estudos, metodoloxías, guías didácticas de sensibilización, celebración de xornadas para a difusión dos estudos, posta en funcionamento dun Observatorio “on line” sobre Emprego e Medio Ambiente e cursos de formación profesional.

Obxectivo Sensibilizar á cidadanía co medio natural, así como facilitarlles ás persoas desempregadas con dificultades de inserción laboral e os traballadores das comunidades de montes a formación necesaria para acceder ao mercado laboral ou mellorar as súas cualificación profesional

Destinatarios Colectivos de mulleres desempregadas maiores de 45 anos con escasa cualificación e empregados de comunidades de montes de Vigo

Actuacións Creación dun Observatorio sobre Emprego e Medio Ambiente (on line) que recopilará e analizará o emprego medioambiental xenerado, os usos dos montes, etc..
Xornada de exposición e análise dos resultados obtido para, a partir deles, propoñer novos obxectivos de emprego sostible e de calidade

Previsión anual Formación de 45 desempregados e 15 traballadores en activo por ano. Sensibilización medioambiental e coñecemento dos montes periurbanos para 6.000 persoas

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo, Fundación Biodiversidade e Fondo Social Europeo



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMA

EMPREGO FEMININO



Este programa toma como referente o Plan Aurora elaborado pola Consellería de Traballo e presta especial atención aos seguintes programas:

Muller porque si:

Este programa busca a incorporación da muller naquelas ocupacións nas que está subrepresentada. Para iso, O Concello de Vigo emprenderá campañas informativas e de sensibilización entre ás mulleres para fomentar a súa implicación nestas profesións.

Tecendo futuro:

O programa pretende fomentar a incorporación das mulleres en actividades lonxe das profesións tipificadas como “femininas”. Con este obxecto o Concello elaborará IPI`s que propicien este cambio, dándolles prioridade a aqueles casos nos que a ocupación poida ser obxecto dun programa experiencial e a demandante reúna os requisitos.

Obxectivo Acadar a incorporación laboral das mulleres á estrutura industrial de Vigo e procurar o abandono da muller daquelas actividades con unha excesiva presenza feminina

Destinatarios Mulleres e empresarios dos sectores con escasa presenza de mulleres

Actuacións Campañas de sensibilización e información dirixidas a mulleres e empresarios

Previsión anual 8 paneis informativos, dípticos de sensibilización e información para máis de 1.000 mulleres. Elaboración de IPI,S para unhas 100 mulleres ao ano

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo, Xunta de Galicia



Concello de Vigo

Participación Cidadá



PROGRAMA EMPREGA



O público ao que se dirixe este programa son os parados de longa duración e as persoas de máis de 45 anos sen experiencia laboral. O programa contempla dous tipos de medidas:

- Programas de adquisición de hábitos de traballo e de reincorporación ao traballo, centrado en parados de longa duración de servizos culturais, de ocio e de medio ambiente. Contempla a formación e contratación de persoas desempregadas para a realización de obras e servizos de interese municipal.
- Programas mixtos de formación e emprendemento dirixido a persoas de máis de 45 anos sen experiencia laboral ou que levan máis dun ano inscritas coma demandantes de emprego. A formación que se impartirá centrarase na atención sociosanitaria a domicilio, nos coidados a discapacitados físicos ou psíquicos, na animación de persoas maiores e na atención domiciliaria infantil.

Obxectivo Proporcionar aos desempregados unha formación axeitada as súas necesidades así como ás esixencias do mercado laboral

Destinatarios Desempregados con especiais dificultades de inserción inscritos como demandantes no Servicio Público de Emprego

Actuacións Solicitude de subvencións do Fondo Social Europeo
Elaboración de programas de colocación no mercado laboral mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción, nos que se combinan a información, orientación, asesoramento, formación, práctica laboral, mobilidade xeográfica...
Programas experienciais que posibilitan a inserción sociolaboral das persoas que levan afastadas tempo do mercado laboral, realizando labores de interese social
Escolas Obradoiro e os programas de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello

Previsión anual Un o dous proxectos por ano

Orzamento

Financiamento Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Fondo Social Europeo



Concello de Vigo

Participación Cidadá

